

Bo día [nen@s](#) de 2º de Educación Primaria:

Como vos vai? Xa non nos queda nada para rematar este curso, dúas semaniñas e xa poderedes descansar que tédelo moi merecido.

Seguimos co tema do tempo “the weather” e imos a empezar cunha canción. É unha canción popular inglesa, seguro que xa a escoitáchedes algunha vez, porque é un clásico.

**The Eensy Weensy Spider.** A araña Eensy Weensy sube pola tubería pero chega a chuvia e bótaa fora. Despois sae o sol e seca toda a chuvia e Eensy Weensy sube de novo.

[https://www.youtube.com/watch?v=bne3lx\\_tJL8](https://www.youtube.com/watch?v=bne3lx_tJL8)

Agora vas premer ti no seguinte enlace para cantar a canción e facer os xestos cos dedos. Coidado que é un pouco lioso.

<https://www.youtube.com/watch?v=AQZNBkdxCMY>

Fúchedes capaces de facelo?? Seguro que si. **Practice is key to success** ( a práctica é a chave do éxito)

A seguinte tarefa está relacionada con esta canción e é moi fácil, é unha ficha interactiva. Preme no seguinte enlace e relaciona cada palabra coa súa imaxe. Cando acabes premes **FINISH!** Abaixo da ficha e lle das a **check my answers** e xa sabes como che saía a actividade. Moita sorte!!

<https://www.liveworksheets.com/search.asp?content=eensy+weensy+spider>

A seguinte ficha tamén é interactiva, vemos un vídeo cunha canción titulada What’s the weather like today? E despois arrastramos cada palabra debaixo da imaxe correspondente e de novo podes comprobar os teus resultados. Seguro que che sae todo ben.

[https://www.liveworksheets.com/worksheets/en/English\\_as\\_a\\_Second\\_Language\\_\(ESL\)/Weather/The\\_weather\\_oh158643da](https://www.liveworksheets.com/worksheets/en/English_as_a_Second_Language_(ESL)/Weather/The_weather_oh158643da)

Este último traballíño desta semana relaciona o tempo coa roupa. Recordades cando vos mandei unha moneca de papel para vestir, pois esta vez tedes que premer no altavoz e vestir os catro nenos como vos mandan. A ficha titúlase DRESS UP THE KIDS CLOTHES AND WEATHER

[https://www.liveworksheets.com/worksheets/en/English\\_as\\_a\\_Second\\_Language\\_\(ESL\)/Clothes/Dress\\_up\\_the\\_kids\\_in213779mk](https://www.liveworksheets.com/worksheets/en/English_as_a_Second_Language_(ESL)/Clothes/Dress_up_the_kids_in213779mk)

Mando un minibook sobre o tempo por se queredes imprimir unha actividade. Tamén podes copiala nun folio. Só hai que facer a páxina 6. Non sei mandar esa páxina soa. Sorry!!

Espero que teñades unha boa semaniña.

Falamos a semana que vén.